

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento



CÓDIGO DE CONDUCTA DAS ONG PARA O DESENVOLVEMENTO



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



Índice

Introdución	5
Primeira parte	
Código de Conduta das ONG para o Desenvolvemento	7
1. Identidade das ONGD.....	9
1.1 Concepto e características das ONGD	9
1.2 Consenso básico respecto dalgúns conceptos.....	11
2. Eidos de traballo das ONGD	13
2.1 Programas e proxectos de desenvolvemento	13
2.2 Educación para o desenvolvemento e sensibilización	14
2.3 Investigación e reflexión	15
2.4 Incidencia política	15
2.5 Comercio xusto	15
2.6 Acción humanitaria e de emerxencia.....	16
3. Criterios xerais de relación das ONGD	16
3.1 As relacións con organizacións e grupos do Sur	16
3.2 As relacións entre as ONGD.....	18
3.3 As relacións coa sociedade do Norte e os seus diversos axentes	18
3.4 As relacións con doadoras/es privadas/os.....	19
3.5 As relacións con empresas	19
4. Criterios xerais de organización das ONGD.....	20
4.1 Transparencia na xestión.....	20
4.2 Recursos económicos	21
4.3 Recursos humanos	21
5. Pautas comunicativas, publicidade e uso de imaxes.....	22

Edita: Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.
Rúa dos Basquiños, 33 1º A - 15704 Santiago de Compostela.
Teléfonos: 981 585 189 • 618 626 627
sensibilización@galiciasolidaria.org
www.galiciasolidaria.org

Colabora:
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia.

Deseño: Serxio Suárez.
Imprime: La Ibérica (Santiago de Compostela).
Depósito Legal:

**Segunda parte**

Aplicación, difusión e cumprimento do Código	25
1. Aplicación do Código	27
2. Difusión do Código.....	27
3. Cumprimento do Código.....	28



Introdución

Nos últimos anos producíronse cambios importantes no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. A sociedade volveu os ollos cara ao mundo da solidariedade. Os diferentes axentes que están a desempeñar algún papel neste eido viron como a súa influencia e a súa presenza na sociedade se foron incrementando notablemente.

As ONGD, como expresión da solidariedade existente na sociedade, desempeñamos un papel importante no ámbito da cooperación internacional precisamente por ser a sociedade a que nos asigna esta tarefa. Ao asumirmos este papel, sentimos a necesidade de aclarar algúns conceptos e dar consenso a algúns principios, dada a multiplicidade e pluralidade de organizacións que entendemos como reflexo da sociedade plural na que nos movemos, da que somos parte, e que permite que o noso traballo, cada vez máis complexo, poida ser abordado desde moi diferentes ópticas.

Neste Código non se utilizan as expresións Norte e Sur dende un punto de vista xeográfico senón para falar do conxunto dos pobos e grupos sociais do mundo que participan ou están excluídos, respectivamente, do benestar económico e social.

O Código divídese en dúas partes:

1. A primeira parte reolle o contido ordenado en cinco capítulos: a identidade das ONGD, os seus eidos de traballo, os criterios xerais de actuación e de organización interna e as pautas que se deben seguir respecto da publicidade, a comunicación e o uso de imaxes.
2. A segunda parte fai referencia á aplicación, difusión e cumprimento do Código.

Este Código de Conduta foi aprobado por unanimidade na Asemblea Xeral Extraordinaria da Coordinadora Galega de ONGD do día 21 de novembro de 2009



Primeira parte

**Código de Conduta das ONG
para o Desenvolvimento**

1. Identidade das ONGD

O mundo das ONGD caracterízase pola pluralidade e a diversidade como forzas principais do colectivo, das cales se derivan outros trazos:

- Supoñen unha gran riqueza social que reflicte o interese de múltiples sectores da sociedade pola solidariedade internacional.
- Achegan concepcións, estilos e prácticas distintas e, en moitas ocasións, complementarias.
- Diríxense a grupos e colectivos sociais diversos, aos que informan e sensibilizan sobre os problemas dos pobos empobrecidos e as posibles solucións dos mesmos. Preténdese así que todas as persoas poidan atopar algunha referencia próxima ás súas inquedanzas.
- Representan unha suma de esforzos en prol da solidariedade.

Esta diversidade non impide identificar algúns elementos que, alén das diferenzas, constitúen o denominador común, os signos de identidade, os trazos distintivos de calquera ONGD e que son, asemade, os puntos que diferencian as ONGD doutros actores que participan na cooperación.

1.1 Concepto e características das ONGD

As ONGD forman parte do chamado terceiro sector ou non lucrativo; máis concretamente, participan, sen esgotalo, do movemento asociativo voluntario da sociedade civil.

As características esenciais dunha ONGD son:

1. **Ser unha organización estable que dispón dun grao mínimo de estrutura.** Non se trata de campañas nin de simples actividades espontáneas. Debe posuír personalidade xurídica e capacidade legal, acorde coa normativa vixente.
2. **Non ter ánimo de lucro.** A totalidade dos ingresos obtidos deben beneficiar á poboación suxeita aos programas de desenvolvemento, ser utilizados en actividades de educación para o desenvolvemento



- e sensibilización e, en último lugar, ser destinados ao funcionamento da propia organización.
3. **Traballar activamente no eido da cooperación para o desenvolvemento e a solidariedade internacional**, sexa no eido do desenvolvemento, sexa en resposta a situacións de emerxencia ou en educación para o desenvolvemento.
 4. **Ter unha vontade de cambio ou de transformación social**, participando activamente na mellora da sociedade mediante propostas favorecedoras dunhas relacións Norte-Sur máis xustas e equitativas que promovan a igualdade entre mulleres e homes como parte inherente e indispensable do proceso de desenvolvemento.
 5. **Posuír apoio e presenza social**. Deben gozar dun comprobado apoio na sociedade, así como dunha presenza activa no medio. Este apoio social maniféstase de diversas formas: no apoio económico, mediante doazóns ou cotas; na capacidade de mobilizar traballo voluntario; na participación activa en redes con presenza social; no contacto con outras asociacións locais, etc.
 6. **Ter independencia**. As ONGD deben ter autonomía institucional e decisoria respecto de calquera instancia governamental, intergubernamental ou calquera outra allea á institución. Isto implica que as organizacións non deben estar suxeitas a ningún control ou dependencia orgánica ou organizativa de entidades públicas ou grupos empresariais; deben posuír capacidade de fixar libremente os seus obxectivos, estratexias, elección de contrapartes, etc.
Se foron creadas por outra institución deben estar legalmente diferenciadas e manter unha capacidade de decisión propia, sen interferencias. As ONGD con algún tipo de relación de dependencia con outras institucións (tales como partidos políticos, institucións relixiosas, sindicatos, empresas...) deberán facer pública esa relación.
Se son parte dunha organización internacional deben acreditar, polo menos, unha autonomía suficiente nas decisións con relación ás oficinas centrais.



7. **Posuír recursos, tanto humanos como económicos**, que proveñan da solidariedade, de doazóns privadas, de traballo voluntario ou semellantes.
8. **Actuar con mecanismos transparentes e participativos de elección ou nomeamento dos seus cargos, promovendo a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres**. En particular, as persoas do padroado (para as fundacións) ou xuntas directivas ou equivalentes serán voluntarias, sen prexuízo das compensacións oportunas orixinadas polos gastos derivados do seu cargo.
9. **Ser transparentes** na súa política, nas súas prácticas e nos seus orzamentos. Isto supón a obriga de publicar documentación cuantitativa e cualitativa, así coma a de facilitar o control externo das súas actividades e recursos.
10. **Estar baseadas e articuladas arredor dos fins da solidariedade internacional e a cooperación**. Isto implica a necesidade de que entre os principais obxectivos das ONGD do Norte figuren a cooperación ao desenvolvemento e a loita contra as desigualdades, a pobreza e as súas causas. Ademais, esixe que a súa práctica sexa coherente e consecuenta con este fin.

1.2 Consenso básico respecto dalgúns conceptos

As ONGD posúen unha percepción común, dentro dunha certa amplitude, sobre algúns conceptos básicos que constitúen o seu eido de traballo e que orientan os principios cos que actúan: **o tipo de desenvolvemento que promoven, a pobreza contra a que loitan e a cooperación que desenvolven cos pobos do Sur**.

As ONGD promoven o **desenvolvemento**, entendéndoo como un proceso de cambio social, económico, político, cultural, tecnolóxico, etc. Este, xurdido da vontade colectiva, require a organización participativa e o uso democrático do poder das persoas dunha comunidade. O desenvolvemento, así entendido, crea condicións de equidade que abren máis e mellores oportunidades de vida ao ser humano para que exercite todas as



súas potencialidades; e preserva para as xeracións futuras o acceso e o uso óptimo dos recursos, o medio ambiente natural e o acervo cultural. As ONGD loitan por erradicar a **pobreza** concibida como a situación de privación dos elementos esenciais para que o ser humano viva e se desenvolva con dignidade física, mental e espiritual, tendo en conta as súas necesidades relativas ao xénero, ás capacidades, aos valores culturais, á idade e ao grupo étnico. Consideran que a pobreza é, fundamentalmente, resultado da explotación dos pobos e da natureza, e que a causa das desigualdades sociais está no acceso desigual aos recursos e na exclusión dos pobos da toma de decisións que lle concirnen.

As ONGD practican a **cooperación cos pobos do Sur**, entendéndoa como un intercambio entre iguais, mutuo e enriquecedor para todas e todos, que pretende fomentar o desenvolvemento e acadar a erradicación da pobreza (tal e como se acaba de definir). A cooperación é unha actividade que é preciso colocar no contexto das Relacións Internacionais e, polo tanto, mantén unha estreita relación co resto de políticas Norte-Sur, sobre as que pretende influír sen se limitar ao exercicio dun simple financiamento. A cooperación esixe unha coherencia xeral: entre os obxectivos a longo prazo (arriba indicados) e as accións e iniciativas concretas que se levan a cabo, e entre os resultados perseguidos e os medios empregados.

As ONGD tamén outorgan unha grande importancia a outros tres aspectos que informan decisivamente sobre o seu pensamento e a súa acción: a igualdade de xénero, o respecto ao medio ambiente e a promoción dos dereitos humanos.

O concepto de **xénero** designa o que en cada sociedade se atribúe a cada un dos sexos, é dicir, refírese á construción social do feito de ser muller ou home, á súas interrelacións e ás diferentes relacións de poder/subordinación en que estas relacións se presentan. O sistema e as relacións de xénero afectan a todas as relacións sociais, definindo os diferentes roles,



comportamentos, actitudes e valores que son incorporados por mulleres e homes nos seus procesos de socialización. O actual sistema de xénero coloca ás mulleres en posición de inferioridade e subordinación, facendo das relacións de xénero unha dimensión de desigualdade social.

Polo tanto, as ONGD deben ter por obxectivo a creación de condicións para que as mulleres, como integrantes da comunidade, participen na toma de decisións, así como a promoción da súa incorporación activa en todos os programas de desenvolvemento e acción humanitaria, para asegurar o acceso e control equitativo aos beneficios das mesmas.

As ONGD promoven un tipo de desenvolvemento respectuoso co **medio ambiente**. As súas accións non deben afectar negativamente ao medio ambiente e promoven a conservación do contorno natural e o uso sostible dos recursos.

A través das súas accións as ONGD promoven o respecto aos **dereitos humanos** entendidos como dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais, incluído o dereito ao desenvolvemento.

2. Eidos de traballo das ONGD

As ONGD, cada unha desde as súas particularidades e dentro dos trazos comúns de identidade e concepto sinalados, desenvolven o seu traballo en distintos eidos:

2.1 Programas e proxectos de desenvolvemento

O traballo que as ONGD realizan no Sur pretende actuar contra as causas estruturais da pobreza e propiciar o desenvolvemento social dos pobos aos que se dirixe.



Para isto, é necesario analizar as causas dos seus problemas, manter un diálogo fluído e un traballo constante coas organizacións do Sur e ter sempre en conta as prioridades e o protagonismo das beneficiarias e beneficiarios, así coma darlle prioridade aos grupos máis vulnerables ás desigualdades (xénero, etnia, etc.) e aos seus colectivos organizados, no marco da realidade social, económica e cultural dos mesmos.

A colaboración coas contrapartes do Sur debe traducirse nunha cooperación baseada na reciprocidade e no respecto para emprender obxectivos comúns. Esta colaboración pode ser de varios tipos:

- Apoio e asesoramento técnico e organizativo, que permita mellorar a capacidade técnica dos equipos operativos dos proxectos.
- Apoio económico ás iniciativas locais.
- Fomento da cooperación Sur-Sur para compartir experiencias similares e mellorar a eficacia.
- Seguimento e avaliación das accións emprendidas para coñecer o seu impacto real na poboación e tomar medidas encamiñadas a mellorar a calidade da cooperación.

No caso de proxectos realizados de forma conxunta cunha empresa, as ONGD velarán por manter as súas singularidades, entre elas a de contribuír ao fortalecemento do tecido social e organizativo dos países do Sur, evitando converterse en meras executoras de accións e favorecendo o exercicio da responsabilidade social da empresa coa que executen o proxecto.

2.2 Educación para o desenvolvemento e sensibilización

Esta actividade é un proceso activo e creativo que promove un cambio de actitudes e comportamentos na sociedade, fomentando os valores da xustiza e a solidariedade.

Coa educación para o desenvolvemento e a sensibilización, as ONGD pretenden:



- Manter á opinión pública informada da realidade da pobreza no mundo e das causas e estruturas que a perpetúan e facilitar unha mellor comprensión da interdependencia entre países, das causas da desigualdade e das súas posibles solucións.
- Fomentar na opinión pública un ambiente de comprensión e de respecto dos costumes e formas de vida doutras culturas.
- Promover valores e actitudes tendentes a un cambio social baseado en criterios de xustiza, paz, equidade, igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, democracia, participación, solidariedade e coidado do medio ambiente.
- Estimular un compromiso concreto cos países empobrecidos.

2.3 Investigación e reflexión

As ONGD deben buscar, xunto coas súas contrapartes do Sur, a creación dun pensamento solidario que afonde na realidade e parta dunha análise científica da mesma e da súa propia experiencia.

Estas accións concretaranse en proxectos de investigación, publicacións, cursos de formación, seminarios e obradoiros, foros de discusión e participación en conferencias internacionais.

2.4 Incidencia política

Enténdese por incidencia política o conxunto de accións de información, diálogo, presión e/ou denuncia (a través da mobilización social, a participación en órganos representativos, etc.) que as ONGD deben realizar. Accións destinadas a persoas e institucións públicas, así coma a colectivos e entidades privadas con capacidade de decisión naquilo que afecta ás poboacións do Sur, coa finalidade de influír de forma positiva nas relacións entre os pobos e en defensa dos colectivos máis vulnerables de todo o mundo.

2.5 Comercio xusto

O comercio xusto é un movemento internacional que pretende establecer relacións comerciais internacionais xustas e igualitarias que posibiliten



condicións laborais dignas para as traballadoras e traballadores do Sur. Estas relacións comerciais deben respectar os seguintes principios:

- Eliminación de intermediacións innecesarias, mediante a compra directa ás organizacións de produtoras e produtores do Sur.
- Fixación de prezos de forma consensuada coas persoas produtoras.
- Respecto ao medio ambiente, ás minorías e ás poboacións indíxenas.
- Apoio aos grupos máis débiles e mantemento de relacións comerciais estables.
- Cuestionamento do funcionamento e estruturas inxustas do comercio internacional.

2.6 Acción humanitaria e de emerxencia

As ONGD que traballan neste ámbito dan apoio a poboacións afectadas por desastres ou catástrofes que provocan danos, perdas económicas, perda de vidas humanas e deterioro da saúde ou dos servizos comunitarios básicos, en medida suficiente para esixir unha resposta excepcional.

As ONGD traballan tamén en labores de prevención deste tipo de situacións.

A axuda humanitaria debe orientarse sempre cara ao desenvolvemento e potenciar a utilización dos recursos locais, tendo en conta a poboación afectada e buscando en todo momento a súa participación activa. Debe asegurarse, ademais, de non estar condicionada polos intereses de calquera goberno nin de grupos empresariais.

As accións de emerxencia inclúen tanto a identificación e a alerta coma a reacción ante as catástrofes. A reacción e a resposta deben ir acompañadas de iniciativas de denuncia e de presión política.



3. Criterios xerais de relación das ONGD

3.1 As relacións con organizacións e grupos do Sur

As ONGD deben traballar en colaboración e en estreita relación coas súas organizacións parceiras do Sur: organizacións locais, ONG, movementos populares e grupos organizados de poboación beneficiaria. Comparten con elas uns obxectivos comúns e unha mesma visión do traballo de desenvolvemento. Por iso establecen relacións de asociación (parceiría) que non promoven o paternalismo ou a imposición de criterios desde o Norte. A asociación lévase a cabo desde os principios de compromiso mutuo, corresponsabilidade e igualdade.

As ONGD son conscientes de que, en moitas ocasións, a verdadeira cooperación se leva a cabo entre as cidadás e cidadáns do Norte e as comunidades locais e que, polo tanto, actúan como mediadoras e facilitadoras do proceso de desenvolvemento.

As ONGD tenderán a non ser executoras directas dos programas, senón a traballar sempre con organizacións locais, agás en casos moi concretos e xustificados pola inexistencia destas, a complexidade ou a urxencia dos mesmos.

As súas actuacións deben fomentar a construción de tecido social local e en ningún caso provocarán un deterioro do mesmo, polo que sempre deben vixiar que non se produzan efectos secundarios neste sentido.

A relación entre as ONGD e as súas contrapartes refírese fundamentalmente ao eido dos proxectos e programas de cooperación. Nestes, as ONGD traballarán a partir de iniciativas que xorden da propia poboación beneficiaria, construíndo un desenvolvemento a escala humana.

As poboacións beneficiarias son grupos de poboación empobrecidos, excluídos ou marxinados dentro das súas propias sociedades.



A relación de asociación non se limitará exclusivamente ao ámbito de proxectos, senón que tenderá a incorporar a reflexión e a análise do conxunto, o intercambio de experiencias, o establecemento de estratexias conxuntas ou o desenvolvemento de campañas de sensibilización e denuncia tanto no Norte coma no Sur.

3.2 As relacións entre as ONGD

Para acadar os seus obxectivos, as ONGD procurarán traballar de forma coordinada e con espírito de colaboración con outras ONGD, evitando o traballo illado, a concorrencia entre elas e a duplicidade das tarefas.

As ONGD non levarán a cabo ningunha crítica nin denuncia contra outras organizacións sen explicaren os motivos e sinalaren as institucións concretas ás que se refiren.

A coordinación do traballo das ONGD debe ter as seguintes características:

- Respetar a autonomía de obxectivos, medios humanos e financeiros e filosofía de cada organización.
- Facilitar a comunicación entre as organizacións e informar sobre os temas comúns de interese para as mesmas.
- Favorecer actuacións conxuntas entre as organizacións.
- Promover o estudo e o debate conxuntos sobre os principios, actuacións, obxectivos, exposicións, etc. no ámbito da cooperación.
- Favorecer a promoción e defensa dos intereses da cooperación e o desenvolvemento dos pobos do Sur ante terceiros (organismos internacionais, gobernos, países, outras federacións e institucións).
- Coordinar accións dirixidas á opinión pública nacional e internacional, ás forzas sociais e políticas, ás instancias internacionais e ás Administracións Públicas.

Para a óptima realización destes obxectivos, as ONGD comprométense a participar activamente en todas as estruturas de coordinación das que forman parte.



3.3 As relacións coa sociedade do Norte e os seus diversos axentes

As ONGD teñen que asumir, como canles de participación cidadá, que o seu traballo ten por obxecto promover a liberdade, a xustiza e a solidariedade, propiciando canles de expresión concreta e eficaz, e que constitúen unha esfera de influencia efectiva na sociedade, polo que unha parte esencial do seu labor deberá ir encamiñada a:

- Afianzar e reforzar o protagonismo da cidadanía.
- Intensificar a súa relación cos poderes públicos, co sector privado e con outras/os axentes sociais, co fin de influir positivamente nas súas políticas. Todo isto dentro dun marco estratéxico e baseándose nos principios éticos definidos neste Código.
- Mobilizar á cidadanía para denunciar, exercer presión, buscar e propor alternativas ante as inxustizas que afectan aos pobos desfavorecidos da Terra.
- Buscar acordos e alianzas con outras organizacións e movementos sociais coas e cos que existan coincidencias estratéxicas.

3.4 As relacións con doadoras/es privadas/os

As ONGD velarán porque a procedencia das doazóns que reciban non impida a súa libre actuación e non supoña ningún obstáculo para a consecución dos obxectivos que lles son propios.

Respectarán sempre a vontade das institucións e persoas doadoras no que se refire ao destino final dos seus fondos. Darán cumprimento ao dereito destas a recibiren a correspondente certificación da doazón.

Deberán definir con precisión o que entenden por socias e socios e/ou colaboradoras e colaboradores cada vez que difundan documentos oficiais con datos relativos a estes conceptos.

3.5 As relacións con empresas

As relacións de colaboración con empresas respectarán os valores de inde-



pendencia, transparencia e eficacia, entre outros, que deben caracterizar o traballo das ONGD.

As ONGD respectarán uns criterios mínimos, acordes co cumprimento dos principios contidos neste Código. En concreto, as empresas coas que se estableza unha colaboración deberán:

- Respectar os Dereitos Humanos, así coma os tratados e convencións internacionais sobre persoas traballadoras emigrantes e as súas familias, e os relativos á loita contra o racismo e a xenofobia.
- Cumprir os oito Convenios Fundamentais da OIT, referidos ao traballo forzoso, o traballo infantil e o dereito de sindicación.
- Respectar o medio ambiente, cumprindo a lexislación vixente do país de orixe e mantendo os mesmos estándares en calquera lugar que actúen.
- Respectar a saúde pública tanto nos seus produtos coma nos procesos de produción, cumprindo a lexislación vixente no país de orixe. As ONGD non se asociarán con ningunha campaña publicitaria que promova e potencie o consumo de produtos prexudiciais para a saúde como o tabaco ou o alcohol destilado.
- As ONGD non establecerán relacións con empresas que fabriquen armas ou trafiquen con elas.

4. Criterios xerais da organización das ONGD

4.1 Transparencia na xestión

As ONGD deberán actuar en todo momento conforme á lei.

A xestión das ONGD deberá ser responsable e leal, buscando en todo momento a consecución dos obxectivos da institución.

As ONGD, como organizacións ao servizo da sociedade, deben facilitar a toda persoa que o solicite, información periódica sobre as súas liñas de ac-



tuación, programas, obxectivos, forma de obtención de recursos, cantidade dos mesmos e composición dos seus órganos de goberno.

As ONGD publicarán anualmente unha memoria con información sobre as súas actividades, programas, recursos e órganos de goberno.

4.2 Recursos económicos

Toda a actividade de captación de fondos que realicen as ONGD axustarase ao marco legal, así coma aos principios éticos establecidos neste Código, especialmente no referente ao epígrafe 5 “Pautas comunicativas, publicidade e uso de imaxes”.

Todas as actividades de captación de fondos deberán ser veraces e evitar mensaxes enganosas, describir correctamente a identidade da organización, facer chamamentos aos que a organización poida responder adecuadamente e evitar o uso de tácticas de presión ou culpabilizadoras.

As ONGD estarán obrigadas a axuntar as contas económicas á memoria que realicen anualmente e darán coñecemento dos datos económicos ás persoas socias e doadoras e ás organizacións parceiras coas que traballen.

As ONGD con ingresos superiores a 300.000 euros deberán levar a cabo auditorías económicas externas anuais da organización e que estarán a disposición de toda persoa que as solicite.

As ONGD deberán facer pública a distribución dos seus gastos, especificando as cantidades destinadas a gastos de administración, así como a definición dos conceptos incluídos no cálculo destes gastos.

4.3 Recursos humanos

Respectarase escrupulosamente a legalidade vixente cando a relación entre as ONGD e as persoas que contribúen co seu traballo sexa de tipo laboral.



As ONGD deberán adoptar as medidas necesarias para evitaren que se produza calquera discriminación ou exclusión para participar na mesma por razón de raza, sexo, nacionalidade ou relixión. Así mesmo, é conveniente que as ONGD desenvolvan políticas internas que garantan a efectiva igualdade de xénero e a participación das minorías na institución.

As ONGD decidirán claramente as relacións coas persoas voluntarias, establecendo as súas condicións e respectando os dereitos destas.

En ningún caso os traballos que realice o persoal colaborador social entrarán en conflito cos labores susceptibles de seren realizados polo persoal laboral. Serán públicos os datos referidos ao número total de persoas (remuneradas e non remuneradas) ao servizo de cada ONGD.

5. Pautas comunicativas, publicidade e uso de imaxes

A comunicación para as ONGD é un instrumento de educación para o desenvolvemento e sensibilización e deberá servir para:

- Promover a toma de conciencia sobre os problemas do desenvolvemento; coñecer e comprender as causas da pobreza e as súas posibles solucións; a interdependencia de todos os pobos do planeta; a necesaria reciprocidade para un coñecemento mutuo e o respecto polas diferentes culturas.
- Aumentar a vontade de participación cidadá nos procesos de cooperación para o desenvolvemento, fomentando o debate político necesario para impulsar políticas correctas de cooperación, intensificando a solidariedade entre o Norte e o Sur e loitando para cambiar as estruturas vixentes.

Por isto, as ONGD deberán respectar no seu traballo de comunicación as seguintes pautas:

- Propiciar o coñecemento obxectivo da realidade dos países do Sur reflectindo a súa complexidade, os obstáculos cos que se enfrenta o des-



envolvemento, a diversidade de situacións, os esforzos propios postos en marcha e os progresos acadados.

- Situar ás persoas, ás situacións e aos pobos do Sur como protagonistas da comunicación, e non ás ONGD e ás persoas que as integran.
- Mostrar absoluto respecto pola dignidade das persoas e dos pobos.
- Salientar sempre valores “radicais” das ONGD como son a xustiza, a solidariedade, a responsabilidade e a equidade de xénero.
- Promover a participación activa das persoas na comunicación.
- Ser rigorosas en todos os traballos de comunicación, tendo en conta os distintos soportes comunicativos.
- Traballar conxuntamente coas e cos profesionais dos medios.

Regras prácticas que deberán marcar a comunicación das ONGD:

- A mensaxe debe velar por evitar toda clase de discriminación (de xénero, racial, sexual, cultural, relixiosa, socioeconómica...).
- Toda persoa debe ser presentada coa dignidade que lle corresponde, e as informacións sobre o seu entorno social, cultural e económico deben ser amosadas co fin de preservar a súa identidade cultural e a súa dignidade. A cultura debe ser presentada como un recurso para o desenvolvemento dos pobos do Sur.
- Evitar as mensaxes e imaxes catastrofistas, idílicas, xeneralizadoras e discriminatorias.
- Os obstáculos internos e externos ao desenvolvemento deben aparecer claramente, subliñándose a dimensión de interdependencia e co-responsabilidade. As causas da miseria (políticas, estruturais, naturais) deben ser expostas nas mensaxes das ONGD, subliñando os problemas de poder e de intereses contrapostos e denunciando os medios de opresión existentes así coma as inxustizas cometidas.
- A mensaxe debe ser concebida de forma que evite confusión e xeneralización.
- Evitar mensaxes e imaxes que expresan unha superioridade do Norte e/ou que presentan a xente do Sur como obxectos da nosa pena e non como socias e socios no traballo conxunto de desenvolvemento. Debe



poñerse de relevo a capacidade das persoas para facerse cargo de si mesmas.

- Promover a consulta ás organizacións do Sur respecto das mensaxes que se van transmitir sobre a súa realidade.
- Os testemuños das persoas interesadas deben ser utilizados con preferencia sobre as interpretacións de terceiros.
- Facilitar ás e aos protagonistas do Sur o acceso aos medios de comunicación.
- Fomentar as mensaxes que promovan cambios de actitudes individuais e sociais no Norte, que fagan posible un cambio real no Sur.

Nos casos nos que a comunicación se faga no marco dunha colaboración con outras organizacións socias (empresas, institucións ou organizacións) as ONGD velarán igualmente polo cumprimento das pautas que se conteñen neste punto, propiciando a referencia expresa ao Código nos acordos de colaboración asinados.



Segunda parte

Aplicación, difusión e cumprimento do Código de Conduta

1. Aplicación do Código

As ONGD integrantes da Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento (en adiante CGONGD), deberán subscribir formalmente este Código de Conduta tal e como queda recollido neste documento, para o cal se abrirá un prazo suficiente.

Aquelas que non desexen asinalo causarán baixa na CGONGD, pero previamente poderán presentar á Xunta Directiva unha xustificación dos motivos para non subscribiren este Código e aquela terá a facultade de considerar a particularidade, debendo ser ratificado pola Asemblea.

Posteriormente abrirase un prazo para que as ONGD subscritoras realicen as adaptacións internas necesarias (nos seus estatutos, órganos, métodos, orzamentos, etc.), para se adecuaren ao contido do Código.

2. Difusión do Código

A difusión do Código ten como obxectivos:

- Aclarar o concepto, os obxectivos e as actuacións (prácticas) das ONGD.
- Garantir os principios de transparencia, democracia interna e austeridade na actuación das ONGD.
- Dar a coñecer á sociedade galega os criterios de actuación aceptados consensuadamente polas ONGD.

O Código de Conduta das ONGD deberá ser coñecido e difundido por:

- As ONGD asinantes do mesmo.
- As persoas socias e colaboradoras (de calquera tipo) que desexen coñecelo.
- As contrapartes do Sur.



- As administracións públicas que colaboran coas ONGD e aquelas outras que o desexen.
- Os medios de comunicación, empresas e calquera outra institución que colabore habitualmente coas ONGD.
- A opinión pública en xeral.

A responsabilidade da difusión do Código recae na CGONGD e nas propias ONGD subscritoras.

3. Cumprimento do Código

Co fin de garantir o correcto seguimento e cumprimento do Código de Conduta por parte das ONGD subscritoras, a CGONGD encomenda dita finalidade á Comisión de Normativa e Código de Conduta.

As funcións da Comisión no seguimento do Código serán:

- Fomentar a difusión e o coñecemento do Código de Conduta.
- Promover o seu seguimento por parte das ONGD.
- Velar polo cumprimento do Código de Conduta entre as ONGD integradas na CGONGD.
- Interpretar o Código e asesorar ás ONGD na súa aplicación.
- Informar sobre o Código ás ONGD que soliciten o seu ingreso na CGONGD.
- Aquelas outras que lle solicite expresamente a Xunta Directiva ou lles sexan requiridas mediante acordo na Asemblea Xeral da CGONGD.

A Comisión poderá actuar por iniciativa propia, a pedimento da Xunta Directiva da Coordinadora ou cando calquera outra organización da CGONGD presente formalmente unha información concreta de presunto incumprimento do Código.



A Comisión poderá realizar recomendacións ou propostas dirixidas ao conxunto das ONGD sobre aspectos do Código que deban ser tidos especialmente en consideración.

Cando actúe con relación a unha organización concreta deberá:

1. Establecer un diálogo extenso coa ONGD atendendo ás razóns expostas por esta. Como resultado dese diálogo, a Comisión poderá propor recomendacións a esa ONGD co fin de adecuar a súa actividade ao Código.
2. Cando existan dificultades no diálogo ou se produza un incumprimento reiterado das recomendacións, a Comisión elevará o correspondente informe ante a Xunta Directiva incluíndo as propostas que correspondan.

De producirse unha desconsideración fundamentada cara á Comisión (non ter atendido ás consultas de diálogo da Comisión, negativa inxustificada a subministrar a información solicitada...) ou un reiterado e inxustifico incumprimento do Código, a devandita Comisión poderá propoñer a aplicación das sancións que correspondan (incluída a da súa consideración como falta grave) á Xunta Directiva que deberá decidir ao respecto de conformidade coas normas estatutarias e regulamentarias.

A Asemblea Xeral faculta á Xunta Directiva para aprobar, a proposta da Comisión de Normativa e do Código de Conduta, o cuestionario e a ferramenta de autoavaliación orientada a favorecer o coñecemento, a aplicación e a difusión do Código de Conduta ás ONGD integradas na Coordinadora Galega de ONGD.



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



cooperacióngalega